

- 5272 (11/PNC-000628)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e dous deputados/as máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co aumento que rexistraron no ano 2019 os delitos cometidos por menores en Galicia

BOPG nº 49, do 19.11.2020

Sométese a votación por puntos:

-Punto 1, que resulta rexeitado por 2 votos a favor, 7 votos en contra e 3 abstencións.

-Punto 2, que resulta rexeitado por 5 votos a favor, 7 votos en contra e 0 abstencións.

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

María Montserrat Prado Cores

Vicepresidenta 2ª

3. Administración do Parlamento de Galicia

3.2. Recursos humanos

Resolución da Presidencia do Parlamento de Galicia do 13 de xaneiro de 2021 de nomeamento dun funcionario do corpo administrativo Parlamento de Galicia.

A Mesa do Parlamento de Galicia, na súa reunión do 30 de decembro de 2020 (BOPG num.74, do 12 de xaneiro de 2021), acordou a resolución e aprobación do proceso selectivo para ingresar nunha praza do corpo administrativo Parlamento de Galicia, por promoción interna, mediante o sistema de concurso-oposición, a favor de Teodoro García Rodríguez.

O 12 de xaneiro de 2021 o xefe do Servizo de Persoal e Réxime Interior emitiu informe sobre o cumprimento por parte do interesado de todos os requisitos para ingresar na praza do corpo administrativo do Parlamento de Galicia, segundo o estipulado nas bases da convocatoria aprobada por Acordo da Mesa do Parlamento de Galicia do 8 de xullo de 2019 (DOG núm.142, do 29 de xullo de 2019 e BOPG nº 511 do 26 de xullo de 2019).

De acordo coas bases da convocatoria e no uso das facultades que me confire o Estatuto de persoal e o Regulamento de organización e funcionamento do Parlamento de Galicia,

RESOLVO:

1º. Nomear funcionario de carreira para cubrir unha praza do corpo administrativo (grupo C) do Parlamento de Galicia a Teodoro García Rodríguez (DNI nº 76814066T).

2º. Publicar esta resolución no *Diario Oficial de Galicia*, no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* e na páxina web corporativa.



3º. Notificarlle esta resolución ao interesado, ao servizo de Persoal e Réxime Interior e a Intervención e Asuntos Económicos.

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021
Miguel Ángel Santalices Vieira
Presidente

